

IX XORNADAS ARTES ESCÉNICAS **FINGOI 2008**

Benqueridos/as compañeiros/as:

Temos o pracer de comunicar que se abre o prazo para a participación na novena edición das Xornadas Artes Escénicas Fingoi organizadas polo Concello de Lugo, Colexio Fingoi, Escola Arte e Lecer e Palimoco Teatro.

Un saúdo

A organización

Este documento contén:

- 1. Breve Introducción sobre as XXAAEE**
- 2. Programación**
- 3. Ficha de solicitude para acudir ás diferentes representacións**

INTRODUCCIÓN:

Por noveno ano consecutivo as Xornadas Artes Escénicas levantan o telón.

A iniciativa levada a cabo por unha estreita relación de entidades públicas como o Concello de Lugo e as entidades privadas Colexio Fingoi e Escola Arte e Lecer coa colaboración de Palimoco Teatro no seu décimo aniversario, ten como resultado este ano unha participación de 700 rapaces e rapazas que subirán ao escenario a amosar a súa creatividade.

Que este ano se chegue a un éxito de participación, con representación na parte teatral das catro provincias non é casualidade. As XXAAEE veñen cumprindo os obxectivos que se marcaron no seu comezo. Cunha continúa avaliación construtiva por parte de quen compón o proxecto, se poñen os cimentos para a creación do, tan desexado por moitos, circuío escolar teatral. Este circuío, que agardamos naza a comezos do ano próximo, queremos se estenda as outras artes escénicas presentes nas Xornadas.

Unha das novidades desta edición serán os coloquios que varios grupos farán despois do visionado das obras do día.

A música estará máis presente este ano con audicións de guitarra, piano, gaita, e orquestra.

O cine subirá a escena no CURTOCINEFINGOI.

Por outra banda a danza pechará como colofón estas Xornadas, que agardamos traian as emocións, os sorrisos, os soños que cada ano se ven nas caras dos que participan, tanto activamente como a dos espectadores que voan na imaxinación dos que contan historias.

Grupos participantes:

- **Grupos de Lugo: Instituto Leiras Pulpeiro, Colexio Rosalía de Castro, Colexio Anexa, Upiasca Teatro e Colexio Fingoi. E Velaí-Tes Teatro do Centro Social Municipal Uxio Novoneyra e Comicao do Centro Social Municipal Fingoi. Conservatorio Música Fingoi e Danza Escola Arte e Lecer Fingoi.**
- **Grupos da provincia de Lugo: Colexio da Pastoriza, Instituto Público da Pastoriza, Instituto Público de Meira, Biblioteca Municipal Antas de Ulla, Aula de Teatro Municipal de Vilalba, Prosopón Teatro do Instituto Público de Guitiriz.**
- **Grupos de Ourense: Múxicas (Grupo de Teatro da ONCE), Teatro Tarumba (Instituto Laboral)**
- **Grupos de Pontevedra: Segorella Teatro IES Francisco Sánchez de Tui**
- **Grupo de A Coruña: Aula Municipal de Teatro de Laxe.**

En total 28 grupos e 29 actuacións en 19 días.

Que suba o telón e comecemos a voar!

PROGRAMACIÓN

19 DE MAIO ÁS 11:30

Grupo de Teatro do Instituto de Meira

A OPERA DO PATACÓN

SIPNOSE

Esta é a obra das xentes ruíns. Aquí non hai perdóns nin grazas, nin abrigos de peles, nin xoias....Hai mendigos, morte e todo remata f..... ¡e tamén cantamos! shhhhhh

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

3ºESO-BAC

DIRECCIÓN

Ester Pedrouzo

IDIOMA

Galego

DURACIÓN

70 min

19 DE MAIO ÁS 19:00 HORAS

AULA DE TEATRO MUNICIPAL DE LAXE.

ENRREDOS

SINOPSE

Espectáculo conformado por sete escenas independentes onde a hilaridade, o imprevisto e a reflexión acompañarán ao receptor. O complexo mundo das relacións sentimentais; o complicado universo das relacións entre os diferentes estratos que conforman a sociedade; a complexidade da mente daquelas persoas que viven á marxe do comunmente considerado “normal”; a falta de solidariedade entre algúns dos membros que pisan as beirarrúas destas impersoais cidades; as aparencias como modelo ideal de conduta consumista... son os eixos temáticos sobre os que se vertebra esta peza teatral pensada por e para un público da actualidade, é dicir, para ti, que me estás a ler nestes intres.

Paralelamente tamén deambularán por estas historias un grupo de utópicos personaxes que anxeian que un colorido mar de sensacións ateigado de harmonía, tenrura e fantasía invada os seus magoados corazóns. Porén a vesania dese mundo protervo que os rodea esnaquiza calquera posible esperanza dun futuro paraísos cargados dunha maxia multicolor que os aloxe do opresivo ambiente polo que deambulan.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

Alumnado de Educación Secundaria, Bacharelato e público adulto.

REPARTO.

- ❖ Cecilia Allo Pose.
- ❖ Ana Ramos Lavandeira.
- ❖ Juan Manuel Mouzo Pose.
- ❖ Marisa Vigo Candal
- ❖ María del Carmen Fondo Vidal.
- ❖ Diana Toja Lema.
- ❖ Walter Gustavo Banato.
- ❖ Soledad Lema Lema.
- ❖ María Villar Garrido.

DIRECCIÓN. Aida Sánchez Expósito e Afonso García Penas.

DURACIÓN DA OBRA. 60 minutos.

IDIOMA DA OBRA. Galego.

20 DE MAIO ÁS 11:30 H

CHIPIROCO TEATRO DO COLEXIO ANEXA

A Viaxe

SIPNOSE

A obra é unha viaxe, a través do tempo, por diversas e recoñecidas historias de amor. Con Adán e Eva. Continuamos con outros personaxes, de sobra coñecidos, como Marco Antonio e Cleopatra, Lancelot e Xenebra, Don Xoán e Dona Inés...

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA

De 6 a 12 anos

REPARTO

- ❖ Narrador: Simón Garcia Malheiro
- ❖ Azafatas: Alicia Garcia Arrojo e Coral López López
- ❖ Limpiadoras: Lucia Garcia Agruñá e María Beloy Castiñeira
- ❖ Adán: Samuel Ferreiro Fernandez
- ❖ Eva: Celtia Dominguez Fernandez
- ❖ Serpe: Iago Rigueiro Alvite
- ❖ Cupido: Rita Garcia Fernandez
- ❖ Cleopatra: Alicia Garcia Arrojo
- ❖ Marco Antonio: Saúl Mazoy Mallo
- ❖ Morgana: Carmen Linares Pardo
- ❖ Xenebra: Celtia Dominguez Fernandez
- ❖ Lancelot: Samuel Ferreiro Fernandez
- ❖ Rei Arturo: Pablo José Fernandez Fernandez

Equipo técnico: Guillermo Cancelo

Autor da obra: Carmen Basadre

Adaptador da obra: Iria Acevedo

Tradutor da obra: Iria Acevedo

DIRECCIÓN DA OBRA

Iria Acevedo

DURACIÓN

35 Min

IDIOMA

Galego

21 DE MAIO ÁS 19:00 HORAS

CONSERVATORIO DE MÚSICA FINGOI.

AUDICIÓN DE GAITA E ACORDEÓN

Esta audición de gaita e acordeón será ofrecida polos alumnos do Centro Autorizado de Música Profesional Fingoi. Durante o concerto poderase escoitar o repertorio traballado polos alumnos ó longo deste curso, con participacións a nivel solista e como compoñentes do grupo de acordeóns e dúos, tríos e cuartetos de gaita. O recital está enmarcado dentro das actividades programadas polo Departamento de acordeón e vento madeira para o presente curso 2007-08

23 DE MAIO ÁS 10:30 HORAS

6º EP COLEXIO FINGOI

ROSEIRA DO TEU MENCER

SIPNOSE

A través do libro Roseira do teu mencer de Xose María Blázquez adentrarémonos na súa vida, coñeceremos máis de cerca o autor ao que este ano se adica as letras galegas.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA A OBRA

2º e 3º Ciclo de Primaria, 1º ESO

REPARTO

- ❖ Raquel Calvo Lombardía
- ❖ Estrela Cecilia García García
- ❖ Carmen Latas Prieto
- ❖ Carla Vila Blanco
- ❖ Antón González Armas
- ❖ Alberto López Rodríguez
- ❖ Borja Pena Rois
- ❖ Alejandro Somoza Barrera

DIRECCIÓN

Laura Garcia Recio e Paloma Lugilde

DURACIÓN

50 min aprox.

IDIOMA

Galego

23 DE MAIO ÁS 14:30 HORAS

A Segorella – Teatro IES Francisco Sánchez de Tui (Pontevedra)

O FLORIDO PENSIL de Eduardo Sopena

SIPNOSE

É un pequeno paseo ou percorrido por unha escola rural galega na época da ditadura franquista, aló polos anos cincuenta e pico. Cinco nenos e nenas sofren os avatares dunha educación baseada na memoria e na disciplina, con grandes doses de ideoloxía marcadamente franquista. Despois de acudir ás diferentes clases das diversas materias máis representativas daquela (matemáticas, catecismo, historia, ximnasia...) vaise observando a evolución no alumnado ata o día en que se fan maiores e encarrilan unha vida chea de contradicións.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA De 3º de ESO a 2º de BAC

REPARTO

- ❖ PEREIRA: Rita Iglesias Gándara
- ❖ GUTIÉRREZ: Pablo Castro Pérez
- ❖ CASTIÑEIRA: Tamara Calviño Sousa
- ❖ GÁNDARA: Erica Carrera Pardo
- ❖ CABALEIRO: Fátima González Fernández
- ❖ MESTRE: Rita Iglesias Gándara
- ❖ DON SIMÓN: Erica Carrera Pardo
- ❖ DON SALVADOR: Fátima González Fernández
- ❖ DONA JACINTA LINARES: Rita Iglesias Gándara
- ❖ SEÑOR INSPECTOR: Pablo Castro Pérez

Adaptador e tradutor da obra: Xosé López González Música: Lara Mª Valcuende Loma

DIRECCIÓN

Lara Valcuende Loma e Xosé López González

DURACIÓN DA OBRA Hora e cuarto

2ª SEMANA:

26 DE MAIO ÁS 11:30 HORAS

COLEXIO A PASTORIZA.

BRUXAS OU PRINCESAS

SINOPSE

¿Xogamos a ser bruxas ou princesas? ¿Tí qué escolles? Nun afastado mundo vive un príncipe lacazán que está namorado ¿dunha fermosa bruxa.....ou dunha fea princesa? O unicornio ten a solución.

REPARTO

- ANDREA EIRAS GALLEGO
- ROCÍO LANZÓS FERNÁNDEZ
- AIDA LÓPEZ FLORES
- ROCIO FOLGUEIRA COUSO.....BRUXAS.
- ANDREA LÓPEZ CAAVEIRO
- NEREA TEIJEIRO COUSO
- JULIA
- VANESSA FOLGUEIRA COUSO
- TANIA COUSO FERNÁNDEZ.....PRINCESAS.
- PABLO ALONSO CORDERO.....MAGO PATÚS.
- DANIEL GARCÍA RIEGO.....MAGO PATÁS.
- CRISTIAN GARCÍA SANDAMIL.....PRÍNCIPE LACAZÁN.
- MARÍA LÓPEZ PRADO.....UNICORNIO.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA Primaria e 1º, 2º E.S.O.

DIRECCIÓN Ester Pedrouzo

26 DE MAIO ÁS 12:30 HORAS

COLEXIO A PASTORIZA

O ACHADO DO CASTRO

SINOPSE

Hai moitos, moitos anos nun curruncho dun grande reino, xunto ó mar, vivían dous ilusos que soñaban con ser emperadores....claro que para iso tiñan que roubar ó Emperador.

Hai moitos, moitos anos nun curruncho dun grande reino, xunto ó mar, vivían dous namorados que soñaban con casar....claro que para iso tiñan que convencer ó Emperador....e a Citrón, o seu conselleiro. Pero, un momento, ¡Citrón leva barba postiza! Aquí ninguén é o que semella.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

ESO

REPARTO

MIRIAM FOLGUEIRA RICO.....CARMIÑA
HELENA RIELO QUINTELA.....SOLDADO 1
JESÚS.....SOLDADO 2
LORENA OBARRIO LÓPEZ.....EMPERADOR.
MARCELA OVEJERO MUÑIZ.....MANOLITUS
SARA RIELO QUINTELA.....ESCRAVO
SILVIA FOLGUEIRA RICO.....CATULO
ANTÍA LOMBARDEROCALENO
NEREA IGLESIA VILA..... SABIO CITRÓN / ARPEXIA

DIRECCIÓN

Ester Pedrouzo

27 DE MAIO ÁS 11:30 HORAS

COLEXIO FINGOI 5º E.P

A FÁBRICA DE CHOCOLATE

SIPNOSE

Adentrarémonos no mundo da fantasía da man do magnífico Roald Dahl.

Charlie Bucket é un neno que vive nunha pequena casa dunha soa habitación cos seus pais e avós. Charlie é un neno bo que só recibe unha chocolatina ó ano, no seu cumpreanos.

Cerca da casa de Charlie encóntrase a FÁBRICA DE CHOCOLATE MÁIS GRANDE DO MUNDO, propiedade de Willy Wonka, que é o mellor produtor de chocolate... o máis inventivo e innovador!!!!!! Produce todo tipo de delicias fantásticas, incluíndo algunhas que parecen imposibles. Debido ó espionaxe industrial que case arruína a Fábrica de Chocolates, Wonka cerrouna ó público e agora soamente habitan nela uns traballadores misteriosos...

Wonka, coa sorpresa de todos, decide reabrir a súa Fábrica ó público, iniciando unha lotería... Cinco paquetes de barras de chocolate Wonka levan consigo “ BILLETES DOURADOS “. As cinco persoas que os encontren e un membro da súa familia poderán entrar á Fábrica para unha visita guiada polo mesmo Willy Wonka!!!!!!!!!!!!!!

Veremos que ocorre... Quen conseguirá os afanados Billetes Dourados???? Quen conseguirá entrar na misteriosa Fábrica de Chocolate??.....

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

2º E 3º CICLO DE PRIMARIA

REPARTO

- ❖ Alejandra Arregui Penado
- ❖ Alba Campo Comba
- ❖ Mariña Carricoba Pazos
- ❖ Nerea Eiroa González
- ❖ Clara Martínez Sánchez
- ❖ Carme Pérez Pena
- ❖ Marta Rodríguez Arcos

- ❖ Carmen Rodríguez Losada
- ❖ Andrea Santos López
- ❖ Carlos Casanova Vázquez
- ❖ Anxo Cela Varela
- ❖ Purificación Daniel Cora Latas
- ❖ Juan Díaz de Freijo Piñeiro
- ❖ Alberto Fernández Blanco
- ❖ Jacobo García-Fuentes Corredoira
- ❖ Alejandro Ramiro Gómez López
- ❖ Jaime Gómez López
- ❖ Jose Luis Martínez-Illescas Fernández
- ❖ Nuno Muñoz Seijas

DIRECCIÓN

Laura García

DURACIÓN DA OBRA

50 min aprox

IDIOMA

Galego

28 DE MAIO ÁS 19:00 HORAS

CONSERVATORIO DE MÚSICA FINGOI

AUDICIÓN DE PIANO

Os alumnos de piano do Centro Autorizado de Música Profesional Fingoi ofrecerán un repertorio amplo e variado, que vai dende obras clásicas de autores como Bach, Mozart, Schumann ata adaptacións de temas modernos como Yesterday ou arranxos para catro e seis mans. O departamento de tecla é o encargado da organización de dita audición

29 DE MAIO ÁS 11:30 HORAS

COLEXIO FINGOI 4ºEP

PACO O RETORNO

SINOPSE

Os nenos de 4º de E.P algún día foron máis nenos. Como se tratara de xente moi vella van lembrar aqueles anos compartidos con Paco o rato da lúa, pero...esta vez en inglés...

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

2º e 3º ciclo de primaria

REPARTO

- ❖ Antón Calvo Ramos
- ❖ Pablo José Fernández Blanco
- ❖ Ignacio García Armas
- ❖ Manuel Guede Lamas
- ❖ Daniel Morera Castro
- ❖ Jacobo Pérez-Masero Rodríguez
- ❖ Vicente Souto López
- ❖ Diego Yus Sanjuan
- ❖ Mariña Ionela Fernández Nistal
- ❖ Aida Chuyi Juan Traseira
- ❖ Lua López Lamela
- ❖ Aida Pérez Facal

Texto: Paloma Lugilde

DIRECCIÓN

Laura García Recio

DURACIÓN DA OBRA 35 min

29 DE MAIO ÁS 19:00 HORAS

Escola Municipal de Teatro de Vilalba

A CASA DE BERNARDA ALBA

SIPNOPSE

Esta obra, contén un fondo aínda de plena actualidade, a pesar do tempo transcorrido desde a súa creación. Lorca afonda en asuntos inherentes á condición humana no aspecto social e persoal, polo que a temática está moi preta á nosa realidade.

“La casa de Bernarda Alba”, a tan recoñecida obra que Lorca nunca puido ver representada pon de manifesto una dramaturxia dura, que nos fala cruamente da represión, do poder exercido sobre os máis febles, do medo, do silencio causado polo medo... pero tamén nos fala do amor e de vida.

A partir de unha noticia de prensa que Federico García Lorca leu crea esta peza, unha historia de mulleres, que viven afogadas pola presenza dominadora da súa nai, que vive obsesionada por manter un “orden aparente” no seu espazo.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

4ºESO-1º E 2º BAC

REPARTO

- ❖ *Poncia*: Laura Fernández
- ❖ *Adela*: Miriam Fernández
- ❖ *Martirio*: Vanesa Fernández
- ❖ *Bernarda Alba*: Mónica González
- ❖ *Amelia*: Yahira Guizán
- ❖ *Magdalena*: Estrella Naseiro
- ❖ *Angustias; Mª Josefa*: Lourdes Otero
- ❖ *Criada; Prudencia*: Alicia Ramudo

Actores video creación: Antolín Alonso, Domingo Borrajo, Alberto Peñas.

Escenografía; Iluminación: Creación colectiva

Música: Marcos Maoxu

Montaxe de video; Dirección escénica: Teresa Castro

Adaptador da obra: Adaptación e creación colectiva EMT. Vilalba. 2007

Tradutor da obra: M^a Xosé Lamas

DIRECCIÓN

Teresa Castro Rouco

DURACIÓN DA OBRA

75 min

IDIOMA

Galego

0 DE MAIO ÁS 10:30 HORAS

COLEXIO FINGOI 1ºESO

OS RUMOROSOS

SINOPSE

Cando fanse 100 anos do nacemento do himno galego queremos a través da súa letra achegarnos a orixe da nazón galega pasando por diversas etapas da súa historia. Preguntámonos que dirían hoxe Os Rumorosos. Se seguimos a tratar así o mundo que nos rodea que será de nós ... Volveremos á nada?

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

3º Ciclo de Primaria e 1º e 2º Ciclo da ESO

REPARTO

- ❖ Andrea Blanco Fernández
- ❖ Violeta Cepeda Vidal
- ❖ Sofía Fernández Expósito
- ❖ Silvia María Gallego Vázquez
- ❖ María Inmaculada García-Fuentes Corredoira
- ❖ Ana López Vázquez
- ❖ Ana María Martín Méndez
- ❖ Julia Martínez Sánchez
- ❖ María Gloria Mascarell Pardo
- ❖ Marta Rebollal Brites
- ❖ Ana Rodríguez Gómez
- ❖ Sabela Rubio Caamaño
- ❖ Miguel Alvelo Castaño
- ❖ Javier Estévez López
- ❖ Brais Leardi Barcia
- ❖ Martín Martínez Rodríguez
- ❖ Andrés Menéndez Mosquera

- ❖ Miguel Pérez Vázquez
- ❖ Alejandro Pérez-Masero Rodríguez
- ❖ Diego Portela López
- ❖ Carlos Pulpeiro González
- ❖ Eduardo Regueiro Castro
- ❖ Gonzalo Vilar Fernández
- ❖ Nilo Villamarín Castro

Imaxe: Miguel Ángel Casal

Lingua: María Luisa Salgado

DIRECCIÓN

Paloma Lugilde

Asistente de dirección: Laura García Recio

DURACIÓN DA OBRA

50 MIN

IDIOMA

Galego

30 DE MAIO ÁS 15:00 HORAS

TEATRO TARUMBA

IESP Universidade Laboral de Ourense

PCH2 (Pechados)

SINOPSE

Pechados (Pch2) é un texto de creación propia no que se conta a historia dun grupo de rapaces que deciden pechase unha mañá no Salón de Actos do seu instituto para protestar contra a agresión que sufriu un deles a mans dun profesor. O que en aparencia comeza sendo unha crítica contra o profesorado pasa, a medida que transcorre a obra, a converterse nunha reflexión sobre a violencia nas aulas, especialmente a que exercen uns rapaces sobre os outros, e cómo reproducen as pautas de comportamento do mundo adulto.

Os doce actores están durante todo o tempo que dura o espectáculo (1 hora) en escena, utilizando todo o espazo do teatro como escenario (patio de butacas, corredores, etc). A escenografía reproduce un acto da obra de Shakespeare “Romeo e Xulieta”, que é a que se supón que está a montar o grupo de teatro deste instituto ficticio.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

REPARTO

- ❖ Tamara Urbano Barja
- ❖ Ángela Sierra Díaz
- ❖ Santiago Cuquejo Ribero
- ❖ Manuel Pascual Castro
- ❖ Sergio Puga Conde
- ❖ David Rodríguez Rey
- ❖ Cristian Díaz Gómez
- ❖ Ana Castro Borda
- ❖ Andrés González Seara
- ❖ Noelia Quintana
- ❖ Iria

ESCENOGRAFÍA

Alberto Bahón

AXUDANTE DE DIRECCIÓN

Andrea Cid Freire

ILUMINACIÓN, MÚSICA E DIRECCIÓN

Tito Asorey

AUTORES

Tito Asorey e Nate Borrajo

DIRECCIÓN

Tito Asorey

DURACIÓN DA OBRA

50 min aprox.

IDIOMA

Galego.

2 DE XUÑO ÁS 11:30 HORAS

PRÓSOPON TEATRO

IES POETA DÍAZ CASTRO (GUITIRIZ-LUGO)

BARRIGA VERDE

SIPNOSE

Barriga Verde ten unha barraca ambulante coa que ofrece aos espectadores daqueles lugares onde chega un espectáculo de monicreques. Entre eles están a moza, o galego, o serrador, o demo, o crego. Hoxe, no seu espectáculo, Barriga Verde vainos presentar a historia de amor entre a moza e o galego, unha historia de amor moi apaixonada, pero tamén perigosa, porque o serrador non está disposto a deixar que todo vaia ben. Tamén el ama a moza e, como esta non corresponde ao seu amor, está disposto a todo por impedir que sexa a noiva do galego. Menos mal que Barriga Verde lles ha botar unha man aos namorados e todo ha rematar dun xeito sorprendente.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

1º A 4º ESO

REPARTO

- ❖ Barriga Verde---Bruno (3 ESO)
- ❖ A Moza----- Carla (3 ESO)
- ❖ Galego-----Roberto (4 ESO)
- ❖ Serrador---Alex (3 ESO)
- ❖ Demo----- Ofelia (3 ESO)
- ❖ Crego-----Alba (3 ESO)
- ❖ Coros----- 6 rapaces máis de 3º e 4º ESO

Autor: Manuel María

Adaptador da obra: Lú Pardo/Antonio Mauriz

DIRECCIÓN

Lú Pardo/ Antonio Mauriz

DURACIÓN DA OBRA40'-45' Aprox.

IDIOMA Galego

2 DE XUÑO ÁS 17:00 HORAS

ROSALIA DE CASTRO

CONTOS DO BEN REMATAR

SINOPSE

No bosque vanse xuntando personaxes de conto máis ou menos coñecidos e recoñecibles. Convivirán un anaquiño personaxes malvados con personaxes indefensos e os defensores destes.

Todo remata ben, claro.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

Xeral

REPARTO

14 ACTORES

- ❖ MALIÑA: Uxía Mourellos
- ❖ MALONA: Alba Villaravid
- ❖ MALA: Laura López
- ❖ BRANCA: Xiana Garza
- ❖ REBECA: Uxía López
- ❖ RAÍÑA: Paula Quiroga
- ❖ REI: Nuria Varela
- ❖ PRÍNCIPE: Santiago Aller
- ❖ LISA: Nuria Varela
- ❖ CISNE: Andrea Iglesias
- ❖ CINCENTA: Angela Pérez
- ❖ CARAPU: Olalla Méndez
- ❖ RAPOSO: Alba Uri
- ❖ VELLA: Antía Pacios
- ❖ XENIO: Samuel Quiroga

DIRECCIÓN

Ana Carreira

DURACIÓN DA OBRA

30 min aprox

3 DE XUÑO ÁS 11:30 HORAS

OS LEIRAS DOS LEIRAS

O ACHADO DO CASTRO

SINOPSE.

A obra é unha comedia na que dúas ladroas Catula e Calena tentan roubarlle o medallón o Emperador. Nos diversos e fallidos intentos de roubo, van aparecendo diferentes personaxes que lle imprimen ritmo a unha divertida situación de enredo.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

De 12 a 17 anos

REPARTO

- ❖ Narradoras: Yaiza, Estefani, Andrea, Yaiza, Sandra
- ❖ Catula: Juana
- ❖ Calena: Eva
- ❖ Soldado: Gabriel
- ❖ Soldada: Belén
- ❖ Escrava: Alasne
- ❖ Citrón: Andrea
- ❖ Manolitus: Miguel
- ❖ Carmiñae: Carla
- ❖ Emperador: johnatan
- ❖ Arpexia: Leiza

Autor da obra: Manuel Núñez Singala

Adaptador da obra: Iria Acevedo

Axudante de dirección: Estefani

Escenografía: Leiza

Vestiario: Alasne, Sandra e Andrea

Deseño: Miguel

Equipo técnico: Guillermo Cancelo

DIRECCIÓN Iria Acevedo

DURACIÓN DA OBRA 50 min

4 DE XUÑO ÁS 11:30 HORAS

COLEXIO FINGOI 1º E 3º DE EP

80 VOLTAS

SINOPSE

¿Queres coñecer os diferentes pobos que habitan o planeta? ¿Estas aburrido? Pois nada máis sinxelo que...Subir ao noso tren dos sentidos e dar 80 voltas

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

3º Infantil a 5º E.P.

REPARTO

- ❖ Angela Iglesias González
- ❖ Antía Lago González
- ❖ Teresa Latas Prieto
- ❖ Alba López López
- ❖ Elena María Lucas Hernández
- ❖ María Piñeiro Varela
- ❖ Aldara Tome Mato
- ❖ Alejandro Cillero Riveiro
- ❖ Denís González Blanco
- ❖ Manuel Santin Fernández
- ❖ Patricia Expósito Díaz
- ❖ Carmen García-Fuentes Corredoira
- ❖ Cristina Lago González
- ❖ Paloma López Vazquez
- ❖ Beatriz Loureiro Vázquez
- ❖ Elena Xiaxin Martínez Sánchez
- ❖ Rosalía Andressa Méndez Álvarez-Cedrón
- ❖ Adriana Puga Peraleda
- ❖ Carla Santos López
- ❖ Alvaro Arregui Penado
- ❖ Guillermo-Delfin Candamio Díaz
- ❖ Arturo Centeno Alonso
- ❖ Hugo Centeno Alonso
- ❖ Alberte Martínez-Illescas Fernández
- ❖ Ramón Salvador Pérez
- ❖ Nestor Tome Castedo

Escrita: Paloma Lugilde

DIRECCIÓN Laura García Recio

DURACIÓN DA OBRA 45 min

4 DE XUÑO ÁS 19:00 HORAS

CONSERVATORIO DE MÚSICA FINGOI

AUDICIÓN DE GUITARRA

O departamento de corda pulsada do Centro Autorizado de Música Profesional Fingoi organiza unha audición na que participan alumnos de guitarra, tanto de ensinanza oficial como da escola de música. Durante o concerto, os rapaces interpretarán as obras traballadas durante o presente curso académico, amosando así o traballo realizado nas clases.

5 XUÑO ÁS 19:00 HORAS

COMICACO TEATRO-CENTRO SOCIAL MUNICIPAL FINGOI

PICNIC

SIPNOSE

Unha visión absurda da guerra desenvolta nunha merenda en pleno campo de batalla, onde os personaxes narran a deshumanización a que se pode chegar cando o irreal chega a tocar o transcendental da vida, que é a propia morte.

PÚBLICO O QUE VAI DIRIXIDA

Adulto

REPARTO

❖ Fillo	Iago López Valín
❖ Pai	Diego López López
❖ Nai	Leticia Gómez Colman
❖ Prisioneiro	Aurora Arias López
❖ Camilleiro 1	Marisa López Quiroga
❖ Camilleiro 2	Rumiana

Autor da obra: Fernando Arrabal

Adaptador da obra: Jose Blázquez

Tradutor da obra: Jose Blázquez

Dirección da obra: Jose Blázquez

Escenografía, vestuario: Comicaco Teatro

Gráfica: Jose Blázquez

Produción: Concello de Lugo

Música: Varias

Iluminación: Comicaco Teatro

DIRECCIÓN Jose Blázquez

DURACIÓN 40 Min.

IDIOMA GALEGO

6 DE XUÑO ÁS 15:00 HORAS

BIBLIOTECA MUNICIPAL ANTAS DE ULLA

SINOPSE.

A boca do inferno é o misterio do que tratan as coplas do cego que un día para na vila de Fontao na súa peregrinaxe a Compostela. A súa chegada pon en alerta a toda a poboación, en especial a certos fidalgos que temen ver descubertos os seus segredos e intrigas se, finalmente, ninguén lle impide ao cego cantar a súas historias.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA. ESO-BAC

REPARTO.

Tania Vila: Crego

Tamara Varela: Cantadeira

Barbara González: secretaria do alcalde

Natalia García : cego

Paula Rodríguez : alcalde

Paula Sánchez: Leremias

Uxía Vázquez: D^o Hildaria

Alba Vázquez : Garido

Paula Fernández: Dona do alcalde

Sandra Cid : irmá do crego

Eugenia Nogueira : secretaria do gobernador

Iván Ferreiro: gobernador

Paula Souto : san cristán

Olalla Vázquez : Criada de d^aHildara

DIRECCIÓN. Josue Garcia

4ª SEMANA

9 DE XUÑO ÁS 11:30 HORAS

UPIASCA TEATRO

ESCOLA ARTE E LECER FINGOI

Across the universe

SINOPSE

A través das letras do grupo de Liverpool adentrámonos na vida duns adolescentes no mundo da comunicación audiovisual e 3G. ¿ESTAMOS SEGUROS DE QUE ESTAMOS COMUNICADOS?

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

ESO-BAC

REPARTO

Ana, Branca, Sabela, Esteban, Angela, María, Laura, Andrea, Noa, Iago , Raquel e Alba.

DIRECCIÓN

Paloma Lugilde

Asistente de Dirección: Laura García Recio

DURACIÓN DA OBRA

70 min

DÍA 9 DE XUÑO ÁS 19:00 HORAS

MUXICAS ONCE

ONCE OURENSE

LA ZAPATERA PRODIGIOSA

Dirección: Tito Asorey

Duración da obra: 45 min.

Idioma: Castellano.

SINOPSE

“Era un zapatero que no tenía nada más que su mujer, y su mujer no lo quería porque andaba tonteando con los mozos del pueblo. Ella era joven, pero él era viejo y decidió marcharse de la casa porque estaba harto de hacer zapatos. Ella se quedó triste, y recordó al viejo simpático, pero fuerte, que tanto la quería, y recordó: “¡qué bien se portaba!, Sería viejo, pero ¡qué bien se portaba!” y entristeció. Y venían los mozos del pueblo para echarle serenatas, pero ella no les hacía caso, diciendo: “Él sí que valía”. Y puso Posada para ganar dinero. Y vino un titiritero barbudo y simpático, pero ella no lo quiso. Y entonces, el (que era el zapatero disfrazado) le dijo que la quería con el alma, pero que no podía casarse porque estaba ya casado. Y al oír las cosas que ella decía de su zapatero, se arrancó las patillas, y le dijo “Aquí estoy”. Y entonces ella, como una furia, empezó a reñirle de la misma manera que antes de irse. Y él se convenció de que era ahora cuando más la quería.”

REPARTO ARTÍSTICO E TÉCNICO

Reparto:

Zapatera: María del Carmen Fernández

Zapatero: Isidro Valencia

La Niña: Aida Sáinz

La Vecina Negra: Concha Rodríguez

El Alcalde: José Rubio

Don Mirlo: Francisco Gómez

Manipuladora de Títeres: Andrea Cid Freire

Iluminación, Escenografía, Vestuario, Atrezzo, Dramaturgia y Dirección: Tito Asorey

10 DE XUÑO ÁS 11:30 HORAS

BIBLIOTECA MUNICIPAL ANTAS DE ULLA

ALICIA NO PAIS DAS MARAVILLAS

SINOPSE

Este ano adentrámonos nun dos textos máis importantes da literatura infantil, Alicia no país das marabillas, de Lewis Carroll.

Alicia está coa súa mestra estudando historia cando de súpeto cruza por diante dela un coello branco, a partires dese intre todo se converte nunha tola persecución, na que Alicia, se atopará envolta en moitas situacións disparatadas, perigosas e que pondrán a proba o seu inxenio, o mesmo tempo que vai coñecendo a unha serie de personaxes non menos disparatados; gatos que falan, flores que falan e cantan, orugas, cartas de teñen vida, una raiña tola, uns personaxes que celebran os non cumpreanos e por suposto o misterioso coello branco.

O facer esta versión tentamos levar toda a maxia do texto de Carroll as taboas do teatro coa dificultade que elo conleva, pero coa seguridade que no teatro podemos atopar a mesma maxia que Alicia atopa no país das marabillas. O feito de que a obra estea representada por nenos tan cativos aínda fai que esa maxia sexa maior e que todos nos vexamos envoltos en dous maravillosos mundo, o do teatro e o de Alicia. Así pois voume, voume, voume, xa son máis das tres, é tarde, voume. Disfruten

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA

Infantil e 1º e 2º Ciclo de Primaria

REPARTO

Iria Méndez : Alicia

Vanesa Coucheiro : raiña

nerea Taboada: Dodo

Susana Varela: Mestra

Elisabeht García: gato branco

Laura García: gato negro

Nuno Vázquez: Coello branco

Andrea Santiso: xemelga 1

Ana Vázquez : xemelga 2

Airela Bouzas : flor

Marta Montes : flor

Antía Montes : lebre

Carla García: sombrereiro

Raquel García: flor

Alvaro Nogueira: rei

Cristina Nogueira: flor

Laura Nogueira: As

Roi Galego: Oruga

Javier Valiño: tres

Laura Arangure: picaporte

Cristobal Doval : bill

DIRECCIÓN

Jouse Garcia

DURACIÓN DA OBRA

60 min

11 DE XUÑO ÁS 19:00 HORAS

CONSERVATORIO DE MÚSICA FINGOI

AUDICIÓN DE ORQUESTRA

A Orquesta de Cámara Fingoi está integrada polos alumnos do Centro Autorizado de Música Profesional Fingoi que teñen a asignatura de orquesta dentro do currículo, ademais dos alumnos de grao elemental e escola de música que completan esta formación. Neste concerto ofrecerán un repertorio variado a través do cal amosarán o traballo que dende o departamento de orquesta se está a facer con este grupo de músicos.

12 DE XUÑO ÁS 12:00 HORAS

CURTACINEFINGOI

Non é a escola exclusivamente o lugar onde as persoas aprenden e asumen os valores cívicos e democráticos. A familia, as amizades e a propia sociedade, en xeral, inflúen decisivamente. Neste senso, desempeñan un papel relevante na transmisión dos valores os medios de comunicación, sobre todo o cine e a televisión.

Estos dous medios son a arte do século XX por excelencia. Abranguen tódolos elementos da comunicación, o que lles otorga un papel moi relevante na sociedade actual como xeradores de opinión e como elementos significativos de coñecemento e de integración cultural.

Neste marco, a CurtacineFingoi é un espazo no que se condensa o traballo realizado polo alumnado do colexio Fingoi nos distintos obradoiros de vídeo que se levan a cabo durante todo o curso académico.

A estrea dos vídeos realizados é a parte máis visible e lúdica, pero non a máis importante. O traballo feito nos obradoiros de Imaxe do colexio Fingoi ó longo do ano teñen como función primeira a de posibilitar que o alumno se inicie ou alfabetice nunha linguaxe que posúe as súas propias regras de tal xeito que poda devenir a un tempo en receptor, crítico i emisor de mensaxes audiovisuais.

O proceso seguido, e que remata no día da proxección nas Xornadas de Artes escénicas implica a simulación o máis axustada posible a realidade da creación dunha curtametraxe ou calquera outro produto audiovisual (as mensaxes emitidas son de de moi diversa índole: vídeos musicais, curtametraxes, anuncios publicitarios ficticios, documentais,...).

Os obradoiros son unha estratexia interdisciplinar por excelencia (como as propias películas), unha arte compartida, unha vía para afrontarmos a análise dos conflitos, dos problemas que aborda a educación para a paz: os valores dominantes, os contravalores, a xustiza, os dereitos humanos e sociais, a democracia, o poder, a igualdade de sexos, a solidariedades, a violencia, a destrucción do medio ambiente...

12 DE XUÑO ÁS 19:00 HORAS

VELAÍ TES TEATRO CENTRO SOCIAL UXIO NOVO NEYRA

ÉXTASE NO CONVENTO E OS CINCO
HOMES DE EVA

SINOPSE

Nunha hospedaxe dun convento de monxas a Nai Superiora en complot cunha inspectora da Brigada Central de Narcotráfico, tratan de localizar á máxima responsable do tráfico de éxtase de España.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO A OBRA Adulto

REPARTO

❖ Sor Virxinia	Adma González
❖ Nai Superiora	Regina
❖ Helena	Reme
❖ Sor Eulalia	Carmen
❖ Sor María	Fernando G.
❖ Carlota	Seila
❖ Fernanda	Rosa Vigo
❖ Luísa	Pepa García
❖ Sor Nadiuska	Isabel
❖ Eva	Visitación

Autor da obra: Jorge Castro Ruso

Adaptador da obra: Jose Blázquez

Tradutor da obra: Jose Blázquez

Dirección da obra: Jose Blázquez

Escenografía, vestuario: Velaí-Tes Teatro

Gráfica: Jose Blázquez

Producción: Concello de Lugo

Música: Varias

Iluminación: Velaí-Tes Teatro

DIRECCIÓN Jose Blázquez **DURACIÓN DA OBRA** 90 min.

13 DE XUÑO ÁS 17:00 HORAS

Clausura: Danza Escola Arte e Lecer Fingoi

“O LAGO DOS CISNES”

Coreografía: Paloma Lugilde

“O SOMBREIRO MÁXICO”

Coreografía: Laura Garcia e Paula Buján

FICHA SOLICITUDE PARA ASISTIR ÁS REPRESENTACIÓNS DAS
XXAAEE FINGOI 2008

Observacións

Nome do centro o colectivo		
Dirección completa		
Teléfono e nome da persoa de contacto		
Obra que desexan ver Título Data Horario		
Curso que vai vir ver a obra		
Número de integrantes do grupo		
Persoas acompañantes		

As solicitudes recolleranse até o día 12 de maio.

O antes posible contestaremos verificando datas.

A selección farase por rigorosa orde de inscrición.

NOTA: A solicitude deberá enviarse por correo certificado ao:

Colexio Fingoi

Aviación Española 37

Lugo 27002

Correo electrónico: secretaria@fingoi.com

Para calquera dúbida chamar:

686 701 644 Laura García (De 11:00 a 13:00) (Palimoco Teatro)

649 948 266 Paloma Lugilde (De 16:30-18:30) (Palimoco Teatro)